



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

O artigo 115 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas establece como competencia municipal na materia a vixilancia da observancia das normas e instrucións ditadas pola administración do Estado sobre salvamento e seguridade das vidas humanas. Segundo o artigo 20.2a Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do estado para o ano 2016 *“durante el año 2016 no se procederá a la contratación de personal temporal, ni al nombramiento de personal estatutario temporal o de funcionario interino salvo en los casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables que se restringirán a los sectores, funciones y categorías profesionales que se consideren prioritarios o que afecten al funcionamiento de los servicios públicos”*.

Igualmente o artigo 21.2. sinala que: *“durante el año 2015 no se procederá a la contratación de personal temporal, ni al nombramiento de personal estatutario temporal o de funcionarios interinos salvo en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables que se restringirán a los sectores, funciones y categorías profesionales que se consideren prioritarios o que afecten al funcionamiento de los servicios públicos”*.

O artigo 20.4 sinala tamén que: *“la contratación de personal laboral temporal y el nombramiento de funcionarios interinos y de personal estatutario temporal, en las condiciones establecidas en el apartado dos de este artículo requerirá la previa autorización del Ministerio de Hacienda y Administraciones públicas”*.

Efectuada a solicitude previa de autorización ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas o pasado ano 2015 para iniciar os procesos selectivos de persoal que puideran ser susceptibles de dita autorización previa, recibíuse resposta na que textualmente dicía: *“corresponde a la potestad de autoorganización y capacidad de decisión de esa Entidad Local la evaluación de las necesidades de la contrataciónen tanto que o referido apartado 4 no ten carácter básico segundo o apartado 7 do mesmo artigo.*

Polo tanto, considerouse por esta alcaldía que a contratación de persoal para o servizo de socorrismo e





salvamento para a praia de Caión era unha necesidade urxente e inaprazable, que afecta ao funcionamento dun servizo público e por este motivo orzamentáronse no Orzamento municipal deste Concello da Laracha para o 2017 tres prazas específicas para o servizo de socorrismo e salvamento, en concreto 2 patróns/socorristas e 1 socorrista.

Con base no anterior abriuse un proceso selectivo do que resultaron seleccionados 2 patróns e 1 socorrista.

Dos dous patróns contratados, un de eles, presentou a súa renuncia o 14 de xullo de 2017 con efectos dende esa data.

Faise imprescindible a contratación doutro socorrista

Consta no expediente primeiro, do que deriva este, certificado de existencia de crédito e informe de secretaría e de intervención.

Con base en todo o anterior e en cumprimento do previsto no artigo 15.1.c do Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, e tendo en conta as atribucións que me confiren os artigos 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aplicar ao presente procedemento a tramitación de urxencia de conformidade co artigo 33 da Ley 39/2015, de 2 de outubro, de Régimen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

SEGUNDO.- Aprobar as seguintes Bases de selección para a contratación laboral de 1 socorrista para o servizo de salvamento e socorrismo para a praia de Caión campaña 2017- A Laracha:

BASES PARA A CONTRATACIÓN URXENTE DE 1 SOCORRISTA PARA O SERVIZO DE VIXILANCIA E SOCORRISMO ACUÁTICO DA PRAIA DE CAIÓN CAMPAÑA 2017- A LARACHA

1º.- Obxecto da convocatoria:

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal, de 1 socorrista para formar parte do Servizo de Vixilancia e Socorrismo acuático da praia de Caión - Concello da Laracha, ata o día





31.08.2017, para cumprir as obrigas municipais en materia de salvamento e socorrismo de vidas humanas na praia do municipio (sita en Caión).

2º.- Tipo e duración del contrato:

Os contratos serán de traballo temporal de duración determinada ata o 31.08.2017.

A xornada laboral será a tempo completo e a quendas; o horario será establecido polo coordinador do servizo, coa autorización do alcalde - presidente.

3º.- Retribucións:

As retribucións económicas dos socorristas/patróns será de 1285 euros/ brutos mensual (incluídos, en ambos casos, tódolos conceptos salariais e a prorrata das pagas extraordinarias).

4º.- Requisitos comúns dos aspirantes:

Serán requisitos mínimos dos aspirantes a esta contratación:

- 1.- Ter a nacionalidade española, ou ser nacional de outros Estados, conforme aos artigos 56 y 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.
- 2.- Ter a capacidade funcional, así como a capacidade física necesaria para o desempeño das tarefas, extremos que deberán acreditarse mediante a presentación de informe médico ou certificado médico.
- 3.- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.
- 4.- Non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, ni atoparse en inhabilitación para o exercicio da función pública por sentenza firme.
- 5.- Non estar incurso en causas de incompatibilidades de conformidade có disposto na Lei 53/1984, del 26 de decembre, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- 6.- Estar en posesión do título de Graduado Escolar, Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente, así como o Certificado de Iniciación ao Galego ou Celga 3.
- 7.- Estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia (sección: espazos acuáticos naturais), de conformidade có Decreto 104/2012, de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia (DOG nº 67 de 09/04/2012). Este requisito se acreditará coa presentación da copia





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

do carné expedido pola Academia Galega de Seguridade.

No caso de inscrición provisional contemplada na Disposición transitoria única do decreto 104/2012 o aspirante presentará a solicitude de inscrición provisional no Rexistro Profesional autorizando ao concello da Laracha, coa presentación da solicitude de participación no proceso selectivo, a consultar á Academia Galega de Seguridade a práctica da súa inscrición que deberá ter data anterior á de finalización do prazo de presentación da solicitude.

5º.- Tribunal cualificador das probas:

1.- O tribunal cualificador designado pola alcaldía - presidencia (en virtude do artigo 21.1.g) de 7/85 de 2 de Abril reguladora das Bases do Réxime Local), e en base ao establecido por Lei 7/2007 de 12 de abril, Estatuto Básico do Empregado Público, será nomeado coa resolución da lista de admitidos e excluídos.

Os vocais deberán ter titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

2.- O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, a lo menos, de tres de seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. De tódalas reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta. Se poderá nomear persoal para apoio ou asesoramento no proceso selectivo.

3.- Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23.2 de Lei 40/2015 de 1 de Réxime Xurídico do sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4.- O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

5.- O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superou o procesos selectivo un número superior de aspirantes ao de postos de traballo convocadas, aínda que có resto de solicitantes non seleccionados pero que superasen todas as probas eliminatorias, establecerase un orden para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse, so válido para a presente convocatoria. Na resolución na que se publiquen estes aspirantes por orde decrecente de puntuación, publicarase igualmente a normativa de funcionamento deste Bolsa.

6.- O alcalde, vista a proposta do tribunal, procederá á adopción do decreto correspondente que resolverá





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

la contratación.

6º.- Presentación de instancias e admisión de aspirantes:

As instancias, xunto co resto da documentación mínima e específica que os aspirantes deben presentar solicitando participar no proceso selectivo dirixiranse ao sr. Alcalde do Concello da Laracha, e se presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de 5 días naturais por ser declarado urgente; contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio na web municipal. As bases serán tamén expostas no taboleiro municipal.

As instancias, xunto coa documentación precisa tamén poderán remitirse na forma prevista no artigo 16 de la Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como a través da Sede electrónica do Concello da Laracha (sede.alaracha.es). No caso de non ser presentado no rexistro municipal, os aspirantes deberán remitir un fax (981606331) ou un e-mail ao seguinte: concello.laracha@fegamp.gal , coa copia da solicitude debidamente rexistrada dentro do prazo de presentación.

Os méritos deberán ser presentados segundo a base 5ª das presentes. Dirixiranse ao Sr. Alcalde do Concello da Laracha, e se presentarán no Rexistro Xeral do Concello no prazo indicado no párrafo anterior.

A documentación poderá ser fotocopia, sen ser precisa a copia cotexada; se presumirá documentación auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

Xunto á instancia, tamén se presentará:

- * A Fotocopia do DNI.
- * A Fotocopia do título mínimo requirido, así como do certificado de iniciación ao galego ou celga 2.
- * O Informe médico
- * Inscripción no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, na forma prevista na base 4ª.7.).





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

* O xustificante do pagamento da taxa por dereito de exame. O pago da taxa poderá ser efectuada no propio rexistro de entrada ou en calquera das seguintes contas bancarias:

ABANCA: ES20. 2080. 0079. 9231. 10000015

LA CAIXA: ES08. 2100. 4912. 2122. 00004416

BANCO PASTOR: ES10. 0238. 8126. 1606. 60000173

A cuantía da taxa son 8 euros

Segundo o artigo 4º da Ordenanza fiscal nº 23 do Concello da Laracha, pola que se regula a taxa por dereitos de exame, estarán exentas do pagamento da taxa as persoas con discapacidade igual ou superior ó 33% (para o que deberá presentar o certificado de minusvalía correspondente), e aquelas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, cando menos, dun mes anterior á data da convocatoria das probas selectivas (para o que deberá presentar o documento xustificativo expedido pola oficina de emprego correspondente).

De conformidade cós artigos 42,43,45 e 46 da Lei 39/2015 de 2 de outubro , fixase como medio de comunicación das publicacións que se deriven dos actos integrantes deste procedemento selectivo a exposición no taboleiro de edictos do Concello, tamén poderán ser publicados na web municipal e na sede electrónica.

7º.- Selección:

A selección realizarase de conformidade có previsto nas presentes bases polo sistema de concurso – oposición. A fase de concurso será posterior á fase de oposición e non terá carácter eliminatorio.

Fase de oposición (máximo 4 puntos):

Os aspirantes aos postos de traballo ofertados realizarán as seguintes probas:

* probas físicas. Esta fase ten carácter obrigatorio e eliminatorio:

1.- Nadar a estilo libre unha distancia de 100 metros, nun tempo máximo de 2 minutos para os homes e de





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

2,30 minutos para as mulleres. (puntuaranse de 0 a 2). Non se empregarán aletas nin traxe de neopreno.

Homes. ata 1 minuto = 2 punto

ata 1,15 minuto = 1,75 puntos

ata 1,30 minuto = 1,50 puntos

ata 1,45 minuto = 1,25 puntos

ata 2 minutos = 1 punto

Mulleres: ata 1,15 minutos = 2 puntos

ata 1,35 minutos = 1,75 puntos

ata 1,55 minutos = 1,50 puntos

ata 2,00 minutos = 1,25 puntos

ata 2,30 minutos = 1 puntos

2.- correr polo areal unha distancia de 400 metros, nun tempo máximo de 1,5 minutos para os homes e 2,00 para as mulleres.

Homes. ata 1,30 minuto = 2 punto;

de 1,30 minuto ata 1,50 = 1 punto

Mulleres: ata 1,50 minutos = 2 puntos:

de 1,50 minutos ata 2,00 = 1 puntos.

Para a realización das probas físicas, os aspirantes deberán ir provistos con roupa de baño e roupa deportiva adecuada para facer as probas. As referidas resolucións serán publicadas na forma prevista. As probas realizaranse simultaneamente para todos nas quendas que sexan necesarias. Os aspirantes non terán opción a repetición de proba.

***entrevista persoal (máximo 0.5 puntos)**

a entrevista consistirá na realización dunha presentación curricular dos aspirantes vinculada aos seus coñecementos, formación e experiencia relacionada co posto de traballo, unicamente se realizará entrevista nos casos que sexan necesarios para facer desempate, cando o considere o tribunal





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Fase de concurso (máximo 1.70ptos)

- Por formación na rama sanitaria, primeiros auxilios, ou similar, (máximo 0,20 pto.)...0,05 Ptos/curso
- - Por servizos prestados como socorrista nalgún servizo de socorrismo de praias (máximo 1 puntos).....0,20 ptos/mes

Os servizos prestados se acreditarán mediante certificación de vida laboral expedida pola Tesourería da Seguridade Social e contratos de traballo, ou certificación de servizos prestados emitida pola entidade pública competente, no que se indique o posto ocupado e a duración da prestación do servizo.

Os certificados dos cursos ou dos títulos se acreditarán mediante fotocopia dos mesmos.

- Estar en posesión da licenza de patrón de embarcación de recreo (PER), patrón de navegación básica (PNB) ou algún outro título de patrón de embarcación, título de aptitude para o manexo de embarcacións, ou equivalente expedido pola Federación Española de Salvamento e Socorrismo de Galicia, España ou outro organismo competente.....ata 0.5 puntos

8º.- Procedemento de selección:

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Sr. Alcalde, mediante resolución aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos, así como o nomeamento do tribunal. Dita resolución será definitiva de non haber excluídos, e será exposta no taboleiro de edictos do Concello, así como na sede electrónica do Concello, relacionándose os aspirantes excluídos coa indicación da causa de exclusión (no caso de non haber excluídos a lista provisional pasará a definitiva), convocándose á data da fase de oposición. Na resolución da lista definitiva tamén se indicará lugar, día e hora de realización da oposición (podendo realizarse a entrevista ao remate das probas físicas nas instalacións municipais que o tribunal indicará, en función da hora de remate das probas físicas).

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de tres días para reclamacións e corrección das deficiencias sinaladas. Toda presentación da documentación axustarase igualmente ao disposto na base 6ª. Estas



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

reclamacións e correccións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a lista definitiva, que publicárase na mesma forma. Contra a resolución na que se declare a exclusión definitiva do aspirante, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a Xurisdición Contenciosa-Administrativa, contados a partir do día seguinte ao da publicación.

A orde de actuación dos/as aspirantes naqueles exercicios que non poidan celebrarse conxuntamente iniciárase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra “K”, de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda do 20 de xaneiro de 2017, pola que se publica o resultado do sorteo celebrado nese día (DOG 30/01/2017), en cumprimento do disposto no artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia de 20/03/1991. De non contar aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciárase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

Unha vez realizada a fase de oposición, o tribunal cualificador publicará en dito taboleiro a relación de aspirantes coas cualificacións obtidas na fase de oposición e na de concurso de mérito, así como o resultado final, por orde decrecente, sendo propostos para a contratación de socorrista. (Aqueles aspirantes que non superen a fase de oposición quedarán excluídos, non sendo necesaria a valoración dos seus méritos).

En caso de empate na puntuación final, o desempate farase en primeiro lugar tendo en conta o candidato que haxa acreditado maior experiencia, se persiste o empate o seguinte criterio que se terá en conta será o que teña o título de título de aptitude para o manexo de embarcacións ou similar.

Non se seleccionará mais candidatos que postos de traballo convocados, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados elaborárase unha relación de reservas, por orden á puntuación conseguida, por si fose preciso cubrir as posibles baixas ou renuncias dos seleccionados, so válida para esta campaña.

9º.- Formalización dos contratos:

A proposta do tribunal cualificador se elevará á Alcaldía-Presidencia, para a resolución do expediente de selección, mediante decreto, que será publicado taboleiro de edictos do Concello. O contrato se





Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

formalizará cos aspirantes seleccionados sendo a duración do mesmo ata o 31.08.2017.

10º.- Dereito supletorio:

No non previsto nestas bases se acudirá ao disposto na lexislación laboral vixente que resulte de aplicación e, especialmente, no disposto no Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, por el que se aproba o texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores, no disposto no Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada; e no Real Decreto Lei 8/1997, del 16 de maio de Medidas urxentes para a Mellora do Mercado de Traballo e no Fomento da Contratación Indefinida, e demais lexislación en materia laboral.

11º.- Norma final:

A presente convocatoria, as súas bases e tódolos actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados no caso e na forma dispostos na Lei 39/2015, do 2 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común.

Asinado dixitalmente polo sr. Alcalde, José Manuel López Varela, do que eu secretaria, Cristina Castro Fuentes, dou fe.

